



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada e voceira do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO DAS MULLERES DA PROVINCIA COA CREACIÓN DO PREMIO OLIMPIA VALENCIA.**

Levamos un ano dende o inicio da pandemia no noso país, e despois de todos estes meses aínda non somos capaces de albiscar unha saída, nin os efectos que vai a deixar en tódolos aspectos, pero fundamentalmente na nosa vida diaria.

Estamos inmersos a nivel mundial nunha economía sen fronteiras, desde que podemos consumir a golpe de clic dende as nosas casas. A gravidade desta pandemia e os confinamentos, deixaron en evidencia que a economía pode parar si a poboación non consume. Do mesmo xeito tamén pon en evidencia que as primeiras que recortan o consumo son as mulleres, por un razón sinxela: os coidados da familia recaen na meirande parte sobre elas, que son a metade da poboación, e non lles queda tempo para moito mais, consumindo só o indispensable.

Pero como pasa sempre nos momentos de profundas crises ao longo da historia, son as mulleres as que sofren os primeiros efectos e tamén os efectos colaterais das crises económicas. Como dicía Simone de Beauvoir:

“No olvideis nunca que bastará con una crisis económica, política o religiosa para que los derechos de las mujeres vuelvan a ser cuestionados. Esos derechos nunca se dan por adquiridos. Debeis permanecer vigilantes durante toda vuestra vida”

Son sempre as mulleres, as primeiras en afrontar e facerse cargo dos coidados familiares de maiores, menores ou dependentes nos fogares, e as que comparten a xornada interminable das tarefas laborais ou profesionais coa labor de coidadoras. Renunciando en moitos casos aos seus traballos remunerados e aos seus dereitos con tal da salvar a familia.

A gran dimensión desta crise sanitaria pon de manifesto que están tamén na primeira liña e de forma maioritaria unha gran maioría de mulleres, nas súas múltiples profesións: médicas, enfermeiras, auxiliares, farmacéuticas, celadoras, administrativas, limpadoras, cociñeiras, terapeutas, e demais profesionais ao servizo da sanidade e os servizos de axuda a domicilio. Son mulleres nunha porcentaxe moi elevada as que realizan o seu traballo con dedicación, esforzo, e en moitos casos coa precariedade laboral dos seus contratos. Tamén están outras moitas mulleres que desde diversos ámbitos laborais, incluído o da política, dan o mellor de si mesmas cada día para conciliar o traballo e a responsabilidade coa vida familiar.

A fío do vulnerábeis que somos ante este virus, tamén se puxo de manifesto na reorganización das prioridades vitais, que son as mulleres as que se fan cargo dos coidados nas casas cando se producen confinamentos ou contaxios que fan permanecer nos



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

domicilios a parte ou a totalidade das familias. Elevase a categoría case de heroínas as mulleres coidadoras e salvadoras da vida, pero escasamente se recoñece dende as institucións o carácter feminizado destes traballos. Segundo Women in Global Health, o 70 % da forza laboral sanitaria en todo o planeta corresponde a mulleres, unha cifra que ascende ao 90% cando considera quen está en primeira liña na emerxencia da covid-19. O outro dato, segundo o actual Secretario xeral da ONU, Antonio Guterres, sete de cada dez líderes na saúde mundial son homes, deixando en evidencia a profunda fenda que persiste para acadar a igualdade real.

Fálase do SARS-COVID en case todos os foros en termos belicistas e masculinizados, cando todas e todos sabemos que na primeira liña son maioría as mulleres que soportan o peso da responsabilidade e dos traballos para enfrontarse a el cada día. Con todo e polas mesmas razóns expostas en canto os coidados, descende o número e a representación das mulleres investigadoras, aínda que algunha como a húngara Katalin Karikó, estean á cabeza nas investigacións dos virus durante corenta anos, para conseguir as vacinas que poderán protexernos fronte a elevada mortalidade.

Se na esfera do público a importancia e o escaso recoñecemento das mulleres camiñan da man. Cada día predícase a necesidade e importancia dos coidados na esfera privada, pero elimínase o carácter feminizado do devandito traballo, e non se fai un recoñecemento social xeneralizado das persoas (maioritariamente mulleres) que realizan os coidados no ámbito familiar. Quizais o que se tenta xustificar é o carácter non retribuído deses coidados, os cales teñen un custo económico e social sempre á conta do traballo, a saúde e a precariedade vital das mesmas: as mulleres.

As obrigas impostas nas normativas sanitarias ás persoas contaxiadas, fan gardar corentena ou illamento domiciliario e non acudir a centros sanitarios mentres non sexa absolutamente imprescindible, nun intento para frear a expansión do virus. Esta situación tradúcese nun aumento do requirimento de coidados no ámbito doméstico, no que a presenza das mulleres volve ser maioritaria. E de novo son elas, e non os homes, as que deixan de traballar para asumir o rol imposto de coidadoras.

Entre todas as profesionais dedicadas a coidar e salvar a vida este ano débémolle un recoñecemento expreso ao labor de todas as mulleres do noso país, e de xeito especial as da nosa provincia, as da sanidade e os servizos sociais, como piares fundamentais para que a estrutura social e económica poida continuar.

Esta institución provincial conta con numerosos premios que distinguen a personalidades ou institucións, no ámbito literario e artístico, que mereceron un recoñecemento porque contribuíron ao crecemento desenvolvo e prosperidade da provincia. Con todo, aínda non conta con ningún recoñecemento que distinga e que poña en valor o traballo de colectivos, ou de profesionais nos que as mulleres son a gran maioría.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

No ano 1898 nacía no concello de Baltar desta provincia, OLIMPIA VALENCIA, a primeira muller licenciada en medicina pola Universidade de Santiago de Compostela. Especializouse en Obstetricia, por ser unha especialidade medica exclusiva sobre as mulleres. A razón pola cal se decantou por esta rama da medicina, foi que naquela época estaba mal visto que unha muller atendera a pacientes homes, aínda que o seu desexo era facer a especialidade de Neumoloxía. Nesta pandemia esta especialidade medica está intimamente relacionada, pois a principal vía de contaxio é o sistema respiratorio.

Debemos recoñecer o papel fundamental das políticas de igualdade que se levan a cabo dende hai tempo, tanto nas institucións públicas como nos servizos que dende elas se están a prestar a cidadanía. Creemos que unha boa formula para consolidar os pasos cara a igualdade é dar visibilidade e recoñecemento ao traballo que nesta pandemia están a realizar as mulleres dos colectivos referidos da sanidade e dos servizos sociais creando un premio que leve o nome de unha muller ourensá de nacemento e sanitaria de profesión.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación do Premio OLIMPIA VALENCIA para o recoñecemento anual da labor de mulleres que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a conceder o primeiro premio OLIMPIA VALENCIA, a todas as mulleres do ámbito da sanidade e os servizos sociais que están na primeira liña para defendernos desta pandemia, na persoa que cada colectivo designe.
3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a facer unha homenaxe pública de recoñecemento as mulleres premiadas cada ano, para dar visibilidade a súa labor e súa contribución ao desenvolvemento desta provincia, en canto a situación da pandemia o permita.

En Ourense, a 11 de febreiro de 2021

Asinado: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE